

# 10. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - CANLE SEGREDO I

**C**anle Segredo é o derradeiro poemario de Xosé María Álvarez Blázquez. Con este volume aconteceu unha cousa ben curiosa, os poemas foron premiados nun certame literario en Bos Aires no ano 1953 e o libro publicouse en 1976, na colección Pico Sagro das Edicións Castrelos.

Desta anécdota fálanos o propio autor:

"Canle Segredo mereceu no ano 1953 o premio "Eduardo Pondal" do Centro Gallego de Buenos Aires. O galardón comportaba a publicación do libro por Ediciones Galicia, e así me foi proposto. Daquela dirixía eu a colección "Leixado do vento" de Edicións Monterrey, e penséi incluílo nela, polo que refuséi a oferta do Centro Gallego.

Fixen mal, porque o libro non saíu á luz nin aló nin acá. Funo leixado e... leixado do vento quedóu. Ise vento de cadaldía que turra de ún para onde quer, que leva e trai, que ergue e derruba.

Pasados os primeiros anos -ie alá se teñen ido vintatrés!- os ventos amainarían ou non, depende. O certo é que o libro quedóu esquencido na súa carpeta, coma un de tantos retallos da vida. Moitas dóres, uns taniscos de alegría, traballos sí señor, ilusións perdidas e -ás veces- recobradas... No medio, sempre unha esperanza teimosa, que a voz dos Mortos encirra acotío: o futuro da Terra. Metido no meu mundo, nos meus libros, na miña ansia de saber, a Terra é o fito chantado no centro geométrico do meu horizonte.

Xa vou pra vello, e penso, sin demasiada tristura, que esquí van quedar a maioría dos meus sonhos, algúns plasmados xa en mestos portafolios, outros en apenas uns apuntes que o tempo vai marelecendo. ¡Había tanto que facer!

Un día destes atopéime coa carpeta de Canle Segredo. Releín os versos e gocéi coeles unha hora de paz, como si de súpeto petase á miña porta un vello amigo, esquencido no tempo e no corazón, pra proseguirmos unha conversa interrumpida.

(Un día sonóu o timbre da miña casa i entróu un amigo da mocedad que viña de América. Nin se deu a conocer nin se botóu nos meus brazos. Díxome:

¿Sabes que tes razón? A perdiz matáchela ti; leva o tiro no lado dereito, onde ti estabas, ¿non ves? Eu tiréille desde a outra banda.

O meu amigo era máis novo ca min e inda nunca abatera unha perdiz. Daquelo facía trinta anos. Eu deixáralle colgar a peza por non lle matar a ilusión. Pro il, non ben desembarcado en Vigo, foi mercar unha perdiz no Progreso e traíama pendurada dun fío de nailon. I entón, sentados diante uns vasos, falamos das cousas daquel día dourado de outono no montes de Cabeza de Francos).

Agora xa sabedes por qué tende iste libro nas mans".

Vigo, abril de 1976.

O libro contén intencións diferenciadas; por unha banda, está a nostalgia pola nenez perdida como, "O neno", "Camiños de sol" e "Os ácios":

¡Canto dera eu agora por un ácio  
daqueles que collíamos a furto  
das parras encostadas  
nas roíñas de Dona Mariquita!

Tamén contén sonetos como e "Pesadelo" e o poema que aparece no cartel "Naufraxio":

Pois ti me chamas; veño a que me digas  
en qué recanto da ribeira certa  
hei de atracar a voz distas cantigas,  
si a mar está, coma unha cuncha, aberta.

E, por último, reflexións críticas respecto dun mundo mal construído como "Os importantes":

¿Qué dirían agora desde a cova  
as vosas nais, homiños importantes?  
¡Elas, que vos donaron o seu sangue,  
e xa nin sangue tendes polas veas!

## NAUFRAXIO

Pois tí me chamas; veño a que r  
en qué recanto da ribeira certa  
hei de atracar a voz distas cantig  
si a mar está, coma unha cuncha:

En balde esculcarás falas amiga  
agás a miña, que o teu corpo ap  
ceibándote do afán, na roita inc  
onde levas sereas por aurigas.

Mais si has seguir a virazón do  
e non escoltas meu amante acen  
nin fitas oonsel dos meus ardo  
vararéi istos sonhos nunha praia,  
e onde o levado mar pon súa rai  
iránse asolar nosos amores.